

NOTA DE PRENSA

O Museo Casa da Troia organiza un concerto libre da Cuarentuna da Cidade de México o venres-23 na Igrexa da Universidade

A agrupación musical será recibida no museo troiano o xoves ás sete da tarde e ofrecerá un pasarrúas pola zona de San Martiño Pinarío

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2014 (Vía Láctea Comunicación).- O Museo Casa da Troia organiza para este venres, ás 20 horas, na Igrexa da Universidade un concerto da Cuarentuna da Cidade de México. Son dezaseis músicos procedentes de diferentes agrupacións universitarias que ofrecerán ao público un concerto onde soarán pezas típicas da tuna e outras propias do repertorio popular mexicano. Os asistentes poderán escoitar instrumentos como a vihuela mexicana ou o guitarrón. Ademais, con eles, estarán varios integrantes da Tuna de Dereito da Universidade de Santiago, quen tocarán algunha peza de maneira conxunta cos mexicanos.

Benigno Amor, presidente da Asociación de Antigos Tunos Composteláns, -a entidade que xestiona o Museo Casa da Troia- destaca que esta cita “forma parte das diferentes actividades que anticipan a conmemoración do centenario da novela” de Pérez Lugín *La Casa de la Troya*. Amor engade que as tunas son “parte do patrimonio cultural inmaterial”.

A Cuarentuna Cidade de México é unha formación de pulso e púa creada por antigos estudantes da capital do país azteca, que ten como finalidade manter viva a súa lonxeva amizade a través da música. A agrupación visita Compostela logo de actuar en diversas cidades portuguesas.

Con anterioridade á actuación do venres, está previsto que o xoves, ás 19 horas, o conxunto sexa recibido no Museo da Casa da Troia por directivos de Antigos Tunos Composteláns e, a continuación, fagan un pasarrúas pola zona de San Martiño Pinarío.

O concerto é de carácter gratuíto ata completar aforo.

NOTA.- Xuntamos foto da Cuarentuna mexicana